



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE PORTOMARÍN PARA A MELLORA DA PRAZA DO MERCADO MUNICIPAL EN PORTOMARÍN.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Portomarín, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Portomarín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Portomarín, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Mellora da praza do mercado municipal en Portomarín”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional



O Concello de Portomarín (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na “**Mellora da praza do mercado municipal en Portomarín**”.

O Concello de Portomarín no ano 2015 foi distinguido co 1º Premio ao Camiño de Santiago, pola labor que se está realizando a favor do turismo e en particular do camiño de Santiago Francés.

No ano 2014 realizáronse diversas obras de rehabilitación no antigo mercado municipal que estaba sen uso, e posteriormente no ano 2015 adxudícanse os locais rehabilitados nun número de 10 sendo os usos dos mesmo diversos tales como cafeterías, consultas ambulatorias de asistencia a peregrinos (podolóxicas, fisioterapia, etc), lavanderías, venda de comida prefabricada, venda de produtos da zona, etc.

Actualmente o pavimento do acceso á edificación atópase en moi mal estado, polo que se pretende unha intervención de mellora, consistente na construción dun novo pavimento a base de formigón impreso tipo pedra irregular de cor natural.

Tamén se proxecta a colocación de laxas de granito a modo de albardilla do muro existente e na parte inferior desta, a instalación dunha tira LED de iluminación todo ao longo do perímetro do muro e substitúense as dúas luminarias existentes.

Procederase á canalización para o saneamento de fecais e recollida de pluviais mediante a colocación soterrada dunha tubaxe de desaugadoiro da edificación e un pozo de rexistro novo conectado á instalación existente.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

